

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel  
Couto Cancela, Daniel  
Diz Folgar, Manuel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Vázquez Alonso, Aroa

### PAS

**CONSELLO SOCIAL**  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Montero Reguera, José Francisco

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 01 de xullo de 2021, convocada para ás 13:00 h. en primeira convocatoria e ás 13:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 13:00 h do día 01 de xullo de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en primeira convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto cos membros do órgano que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra.

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- Proposta de aprobación por asentimento
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)

*• Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

*• Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

*• Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*



Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

**Punto único: Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023.**

O reitor cede a palabra, en ausencia da vicerreitora de Investigación, ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón a cuestión:

**PRAZOS:**

- 20/04/2021. RD polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español.
- 04/06/2021. Orde do ministro de Universidades na que se recollerá, en todo caso, o obxecto, as actuacións concretas subvencionables e o prazo máximo de execución en cada unha das anualidades, o crédito orzamentario e a contía, o pagamento e o prazo e a forma da xustificación das correspondentes subvencións.
- 04/07/2021 (data límite). Cada universidade beneficiaria deberá publicar a súa correspondente convocatoria na súa páxina web. A ligazón tamén terá que estar dispoñible na web do Ministerio de Universidades.
- 01/12/2021 (data límite). Resolución definitiva da convocatoria plurianual de axudas nas tres modalidades previstas.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

- Concesión directa de subvencións.
- Incompatible con outras axudas.
- Convocatoria plurianual xestionada por cada universidade.
  - Publicada nun mes desde a orde de concesión (4/7/2021).
  - Resolta antes do 1/12/2021.
- Tres modalidades:
  - Formación de xoves doutores e doutoras (Margarita Salas).
  - Mobilidade do PDI para a súa recualificación.
  - Atracción de talento internacional (María Zambrano).
- Prazo de execución: ata o 31/12/2023, estadías ao longo de 2024.
- Segunda convocatoria: 18 meses, como máximo, despois da resolución.

**TIPO I: FORMACIÓN DE XOVES DOUTORES/AS (MARGARITA SALAS):**

- Estadías:
  - Universidade pública española, 60 horas de docencia máximo.

- Universidades e centros de investigación estranxeiros + 1 ano nunha universidade pública española seleccionada polo candidato/a.
- OPI español + 1 ano nunha universidade pública española seleccionada polo candidato/a, 60 horas de clase máximo.
- Duración: 2 ou 3 anos, de xeito continuado.
- Requisitos:
  - Máximo 2 anos desde a obtención do título de doutor/a ata o peche do prazo.
  - Centro distinto daquel onde fixeron o doutoramento, agás o derradeiro ano en casos 2 e 3.
- Axuda
  - 3500 €/mes (estranxeiro)
  - 2800 €/mes (España)
  - ≤ 3500 € (traslado)
- Solicitud: Na universidade onde se obtivera o título de doutor/a.
- Proposta para a Universidade de Vigo
  - Un mínimo de 30 axudas.
  - Contrato de acceso.
  - Salario bruto mensual, incluído o prorrateo das pagas extras, de 2.664 euros no estranxeiro e de 2.131 euros estada en España.
  - Docencia: 30 horas/curso académico (último ano do seu contrato).
  - Repartición por ámbitos:
    - Científico: 10
    - Tecnolóxico: 6
    - Xurídico-social: 8
    - Humanidades: 6

Incorpórase á sesión a vicerreitora de Investigación, que continúa coa exposición.

#### TIPO II: MOBILIDADE DE PDI (REQUALIFICACIÓN)

- Estadías: Universidade ou centro de investigación público.
- Duración:
  - PT, CD: 1, 2 ou 3 anos, non indica que teñan que ser de xeito continuado.
  - AD: 1 ou 2 anos, non indica que teñan que ser de xeito continuado.
- Requisitos:
  - PT, CD, en universidades públicas <10 anos.
  - AD, en universidades públicas.
  - Centro distinto a aquel co que manteñen a relación.

- Axuda:
  - Salario actual + 20 %
  - ≤ 3500 € (traslado)
- Solicitud: onde teñen a relación laboral.
- Proposta na Universidade de Vigo:
  - 4 axudas para TU e CD; 4 axudas para axudante doutor/a.
  - Mediante permisos e licenzas do PDI: licenza sen retribución (art. 5 do regulamento de permisos e licenzas).
  - Salario bruto mensual + 20 %.
  - Repartición por ámbitos.
  - Duración: 1 ano (iniciarase entre o 1/1/2022 e o 1/9/2022).

#### TIPO III: ATRACCIÓN DE TALENTO INTERNACIONAL (MARÍA ZAMBRANO)

- Duración: 1, 2 ou 3 anos, de maneira continuada, 60 horas de docencia máximo.
- Requisitos
  - Nacionalidade española ou doutro país.
  - 24 meses posdoutoral en universidades ou centros de investigación, españois ou non, diferentes ao da tese.
  - Estar desenvolvendo investigación fóra de España.
  - Xustificación do impacto da súa incorporación na recualificación do equipo universitario de acollida.
- Axuda
  - 4000 €/mes
  - ≤ 3500 € (traslado)
- Solicitud: Onde queiran realizar a estadía.

#### PAGAMENTO ÚNICO PARA GASTOS DE TRASLADO.

ZONA XEOGRÁFICA	IMPORTE
Zona 1: España, Portugal ou Andorra	1.000 euros
Zona 2: Europa (agás zona 1), África ou América (agás zona 3)	2.500 euros
Zona 3: Estados Unidos de América, Asia ou Oceanía	3.500 euros

Inclúese o gasto do seguro médico en países nos que non estea cuberto pola seguridade social.

Aclara que, para os que veñen de fora, se considera o país desde o que se desprazan.

#### IMPORTE DAS AXUDAS

- Total Universidade de Vigo: 5.431.335 €.
  - 2021: 1.810.445 €
  - 2022: 1.810.445 €
  - 2023: 1.810.445 €
- >=50 % para a formación de xoves doutores e doutoras (30 contratos).
- Pódense orientar a áreas consideradas estratéxicas.
- 2 % reserva discapacidade en cada modalidade, acumulables.

#### INCUMPRIMENTO

- Obxectivo da Universidade de Vigo: 37 axudas como mínimo.
- Incumprimento total: reintegro de cantidades percibidas, intereses devindicados e de demora.
- Incumprimento parcial: principio de proporcionalidade.

A vicerreitora de Investigación da lectura a unha nova cláusula que foi engadida no último momento, sobre incumprimento, como punto 20, sobre perda da axuda e causas específicas de reintegro. Recomendán incluila desde os servizos da Universidade.

#### VALORACIÓN

- Tipo I: Margarita Salas (mínimo 80 puntos)
  - CVA do candidato ou candidata, ata 50 puntos.
  - Historial científico-técnico do grupo receptor, ata 30 puntos.
  - Memorias xustificativas, ata 20 puntos.
- Tipo II: Recualificación (mínimo 80 puntos)
  - CVA do candidato ou candidata, ata 50 puntos.
  - Historial científico-técnico do grupo receptor, ata 30 puntos.
  - Memorias xustificativas, ata 20 puntos.
- Tipo III: María Zambrano (mínimo 80 puntos)
  - CVA do candidato ou candidata, ata 50 puntos.
  - Historial científico-técnico do grupo receptor, ata 30 puntos.
  - Memorias xustificativas, ata 20 puntos.

#### COMISIÓNS

Unha comisión por cada ámbito (3 membros):

- 1 da Universidade de Vigo: secretario/a.

- 2 de fóra.

Solicitud de CVN completo: <https://cvn.fecyt.es/>

#### LISTA DE AGARDA

- Renuncia ou vacante nalgunha modalidade de axudas: poderáselle adxudicar unha nova, dentro da mesma modalidade, á seguinte persoa da lista de agarda coa puntuación máis alta no mesmo ámbito de coñecemento no que se produciu a renuncia ou a vacante
- De non dispoñer de lista de agarda nalgunha das modalidades, poderase adxudicar unha nova axuda das outras modalidades conforme á lista de agarda por puntuación coa seguinte preferencia: A. Margarita Salas, C. María Zambrano, B. Recualificación.
- Reformulación de solicitudes co fin de executar todos os fondos adxudicados polo Ministerio.

Marta Pazos comenta que van ser todos contratos e se pagan mensualmente, polo que non hai adianto, en relación co apuntado sobre causas de reintegro. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, indica que podería ir no contrato ou na concesión, e non na convocatoria, que foi aprobada pola mesa con 13 votos a favor e ningunha abstención. Acórdase non incluír esa nova cláusula. O reitor insiste en que a política será de contratos e non de axudas. A vicerreitora de Investigación fai referencia ás consultas feitas a este respecto, en particular, sobre a cobertura da seguridade social, como din no documento de preguntas frecuentes elaborado polo Ministerio, dando lectura á cláusula sobre a súa eficacia xurídica, aínda que o prevalente é a Orde do Ministerio, dadas as dúbidas que aínda subsisten. A vicerreitora de Investigación entende que a política de contratos é necesaria.

Apróbanse por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:38 h do día 01 de xullo de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral